

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

28 de xaneiro de 2016

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e dez minutos do día vinte e oito de xaneiro de dous mil dezaseis; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SR. DON JAIME CASTIÑEIRA BROZ, SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SR. DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Non asiste DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.



ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 16extractoap01

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-1-2016

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

1/1 **ACTA ANTERIOR**.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a acta da sesión extraordinaria celebrada o día 13 de outubro de 2015.

A) **PARTE RESOLUTIVA**

FACENDA LOCAL

2/2 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE INDUSTRIAL DE PLANTA BAIXA E UNHA PLANTA ALTA PARA TALLER DE CARPINTERÍA DE ACEIRO INOXIDABLE NO PARQUE EMPRESARIAL DAS GÁNDARAS, PARCELA O6.1, PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA**:

PRIMEIRO.- ESTIMAR a solicitude formulada por DON JOSE MANUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, procedendo á declaración da construción dunha nave industrial de planta baixa e unha planta alta para taller de carpintería de aceiro inoxidable no Parque Empresarial de As Gándaras, parcela O6.1, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

SEGUNDO.- Conceder ó solicitante un prazo dun mes dende a notificación do acordo plenario para a solicitude da bonificación do 50% da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

3/3 PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DE OFICIO SOLICITADA POR DON JUAN JOSÉ VARELA FERREIRO, EN REPRESENTACIÓN DE VARIOS SOCIOS DO CLUB DEPORTIVO LUGO, DO ACORDO DO EXCMO. PLENO DO CONCELLO DE LUGO DE ENCOMENDA DE XESTIÓN Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA LEVAR A CABO A VENDA DE ACCIÓNS DO CLUB DEPORTIVO LUGO, S.A.D. ACEPTACIÓN DA DESISTENCIA DA SOLICITUDE PRESENTADA POLOS INSTANTES DA REVISIÓN. DECLARACIÓN DE CONCLUSIÓN DO PROCEDEMENTO.- O Excmo. Concello Pleno adopta os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aceptar de plano a desistencia e renuncia presentada por DON JUAN JOSÉ VARELA FERREIRO, en nome e representación de varios socios do Club Deportivo Lugo en data 16 de outubro de 2015, así como as desistencias e renuncias presentadas en datas 19 e 20 de novembro de 2015 por varias persoas

representadas inicialmente por aquel, da solicitude presentada o 10 de abril de 2015 para a revisión de oficio do acordo plenario número 3/127 do Excelentísimo Concello de Lugo de 1 de decembro de 2014 polo que se aprobaba a encomenda de xestión á Excm. Deputación Provincial de Lugo para levar a cabo a tramitación do procedemento de venda de accións do Club Deportivo Lugo S.A.D. e o Convenio de colaboración para a dita encomenda de xestión, polos motivos expostos na parte expositiva, e en consecuencia declarar concluído o procedemento.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ás partes interesadas e dependencias municipais afectadas significando que pon fin á vía administrativa e que contra ela caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.
- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

PROPOSICIÓNS

4/4 PROPOSICIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 1/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O ESTUDO DOS CONTRATOS ELÉCTRICOS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Iniciar os estudos pertinentes, no menor tempo posíbel, para que o Concello poida contratar a enerxía eléctrica a través das diferentes cooperativas existentes.

SEGUNDO.- Contratar a enerxía eléctrica a través destas cooperativas, sempre que sexa posible.

5/5 PROPOSICIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 4/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NOS CRUCES PERIGOSOS DA CIDADE.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** elaborar un mapa cos puntos negros de tráfico, co fin de crear un plan de acción que recolla medidas concretas para redeseñar e mellorar a infraestrutura e a sinalización viaria de cara a reducir a sinistralidade.



ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 16extractoap01

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-1-2016

6/6 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 7/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN INFORME SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DO CICLO INTEGRAL DA AUGA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Elaborar un informe do Ciclo Integral da Auga que abranguería o estudo dos futuros sistemas de operatividade, de tódalas categorías do persoal encargado, da atención ó cidadá, da captación e potabilización, da distribución, da rede de sumidoiros, do drenaxe urbano e da xestión de lodos.

SEGUNDO.- Executalo nun prazo de tres meses.

TERCEIRO.- Informar á oposición das conclusións e do seu diagnóstico.

7/7 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 9/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DA ESTRATEXIA DUSI.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** crear unha Comisión de seguimento da estratexia de desenvolvemento urbano sostenible (DUSI).

8/8 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 11/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN CONVENIO COA XUNTA DE GALICIA PARA A ELIMINACIÓN DUN TAPÓN URBANÍSTICO NA RÚA FISTERRA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar ao Concello de Lugo e á Xunta de Galicia á elaboración dun convenio co fin de:

1. Eliminar o tapón urbanístico da rúa Fisterra, asumindo a Xunta de Galicia os gastos e a execución da obra, e colaborando o Concello de Lugo na xestión e posta a disposición dos terreos.
2. Que o Concello de Lugo, unha vez rematadas as obras, asuma a titularidade da LU-114, actualmente rúas Monte Faro e Fisterra con plenas características de vial urbano.

9/9 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 12/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO ARRANXO DA ESTRADA LU-2901 E A EXECUCIÓN DO PROXECTO PARA A ESTRADA DE CIRCUNVALACIÓN DO BURGO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar á Deputación Provincial de Lugo:

1. A que arranxe de forma urxente a estrada CP 2901 especialmente na zona do Burgo.
2. A que execute o proxecto para a estrada de circunvalación do Burgo.

10/10 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 13/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DECLARAR LUGO COMO CIDADE LIBRE DO TTIP.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- A Corporación municipal declara a Lugo como concello oposto aos acordos do TTIP.

SEGUNDO.- Instar ao goberno do Estado a suspender as negociacións do TTIP e outros acordos similares.

TERCEIRO.- Promover a información e o debate público entre a veciñanza de Lugo e as entidades económicas, sociais, profesionais, culturais... sobre o impacto que poderían comportar estes tratados ao noso concello.

11/11 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 22/2016 DE REXISTRO DO PLENO, PARA IMPULSAR A PARTICIPACIÓN CIDADÁ.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA proceder á modificación dos artigos e regulamentos necesarios para dar participación de maneira independente aos partidos ás asociacións ou entidades veciñais no Pleno.

12/12 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 23/2016 DE REXISTRO DO PLENO, RELATIVA Á PREPARACIÓN E LICITACIÓN DO CONTRATO DE MANTENEMENTO DA ILUMINACIÓN PÚBLICA.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA esixir ó equipo de goberno que, sen máis demora, inicie os trámites para a revisión dos pregos de condicións xa confeccionados, tanto técnico como administrativo, para poder sacar a concurso dito servizo, que se inicie no menor tempo posible e, á vez, iniciar o proceso para a súa remunicipalización.

13/13 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 27/2016 DE REXISTRO DO PLENO, PARA RECLAMAR RESPONSABILIDADE E CONCRECIÓN ECONÓMICA NAS PROPOSICIÓNS DOS DISTINTOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA rexeitar a proposición presentada polo Grupo Municipal Socialista.

14/14 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 28/2016 DE REXISTRO DO PLENO, PARA REGULAR AS CANLES DE PARTICIPACIÓN NO PLENO DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 24 do Regulamento de Participación Cidadá no seu Apartado 3 para que quede redactado da seguinte forma:



ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: 16extractoap01

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-1-2016

Cando algunhas das asociacións ou entidades constituídas para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños desexen efectuar unha exposición ante o Pleno, deberán dar asento da proposta para o debate, e aprobación se procede, no Rexistro do Pleno con antelación suficiente para a súa inclusión na orde do día que acompaña á convocatoria da correspondente sesión da Comisión Permanente ou do Pleno, o mesmo acontecerá se a intervención é e forma de pregunta ou rogo. Coa inclusión na orde do día do Pleno, e a través dun único representante, poderán expoñer o seu parecer mediante o tempo que sinale o Alcalde, que será o mesmo de que dispoñan os membros da Corporación.

SEGUNDO.- Engadir ao artigo 24 o seguinte:

- Se o asunto require de debate e posterior aprobación, seguirase o procedemento regulado no articulado do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno.
- O número máximo de iniciativas populares por Pleno será de dous.

15/15 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO MUNICIPAL, NÚMERO 29/2016 DE REXISTRO DO PLENO, PARA A RETIRADA DO RECURSO CONTENCIOSO PRESENTADO POLO CONCELLO CONTRA O INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO SOBRE A CS-5 (GARAÑÓN).- O Excmo. Concello Pleno ACORDA rexeitar a proposición presentada polo Grupo Mixto.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

16/16 DEUSE CONTRA DOS DECRETOS CORRESPONDENTES AO ANO 2015 QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

17/17 DEUSE CONTRA DOS DECRETOS CORRESPONDENTES AO ANO 2016 QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

INTERVENCIÓN

18/18 DEUSE CONTRA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO TERCEIRO TRIMESTRE DO 2015.

COMPARECENCIAS

19/19 ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 5/2016 DE REXISTRO DO PLENO, NO QUE SOLICITA A COMPARECENCIA EN PLENO

DO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL PARA EXPLICAR A POLÍTICA DE PERSOAL LEVADA A CABO NO CONCELLO.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude de comparecencia do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, debendo incluírse este asunto na orde do día da vindeira sesión que celebre a Corporación Municipal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, indicándolle que a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer e significando que entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

- A) **DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 26/2016 DE REXISTRO DO PLENO, PARA INICIAR UNHA REVISIÓN DOS INMOBLES CO FIN DE SABER SE SE CUMPREN AS EXENCIÓNS ESTABLECIDAS NA LEI NO PAGO DO IBI.**

PREGUNTAS:

- A) **DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 25/2016 DE REXISTRO DO PLENO, SOBRE AS MEDIDAS PARA SOLUCIONAR OS PROBLEMAS DO POBOADO DO CARQUEIXO.**

